

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 7 DE SETEMBRO DE 2015.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUÍÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.
D^a. TERESA VARELA FISTEUS.
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.
D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.
D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.
D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.
D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora Accidental:


D^a. María del Carmen Méijome Álvarez.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 36 DE DATA 3 DE SETEMBRO DE 2015.

Acordouse aprobar a acta núm. 36/2015 da sesión ordinaria celebrada pola Xunta de Goberno Local do día 3 de setembro de 2015, e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZAS DE OBRAS.

2.1.- Acordouse CONCEDER A REHABILITACIÓN DE LICENZA DE OBRA para a construción de vivenda unifamiliar no lugar de Amboade, 10, Barcia, Lalín.



3.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

3.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE SEGREGACIÓN dunha finca no lugar de Castiñeiro da parroquia de Méixome, Lalín**, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 02/09/15 en concepto de taxa por licenza de segregación por importe de 120,20 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

4.- LICENZA DE REGULARIZACIÓN DE PARCELAS COLINDANTES.

4.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE REGULARIZACIÓN DE PARCELAS COLINDANTES no lugar de Palmaz, Lalín**, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 31/08/15 en concepto de taxa por licenza de segregación por importe de 120,20 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

5.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.


5.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PARCIAL para vivenda sita na rúa C, 19, 3º A**, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 28/08/15 en concepto de taxa por 1ª ocupación por importe de 100 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

6.- LICENZA DE ACTIVIDADE.

6.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE ACTIVIDADE para panadería sita no lugar de Prado, 9 - Prado – Lalín**.

7.- COMUNICACIÓN PREVIAS DE OBRAS.

7.1.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para canalización de gas na rúa Cruceiro, 5, Lalín**, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 15/07/15 por importe de de 72,37 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe. Asemade



Secretaría Xeral

consta no expediente a constitución de aval na Tesourería municipal por importe de 361,84 euros.

7.2.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para a execución de traballos de conservación e restauración de fachada e medianeiras na rúa 21, 17, Lalín, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 28/08/15 por importe de de 165,02 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

8.- INFORMES PREVIOS.

8.1.- Acordouse solicitar ao Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria autorización para a estabilización do cruceiro de Lalín de Arriba – Lalín e aprobar o informe técnico.

8.2.- Acordouse solicitar ao Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria autorización para a estabilización do cruceiro de Moneixas – Lalín, e aprobar o informe técnico emitido para o efecto polo técnico municipal de data 03/09/15.

9.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.

9.1.- Acordouse aprobar a Certificación de obra núm. 2 da obra “ACONDICIONAMENTO NOS CENTROS SOCIAIS DE MUIMENTA, LOSÓN E LODEIRO” presentada pola entidade **CONSTRUCCIONES RAFER S.L,** cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **25.262,72 €.**

10.- FACTURAS E CONTAS.

Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente tendo en conta o informe da Interventora Municipal de data 7 de setembro de 2015 fiscalizado con conformidade, **acordouse** aprobar e declarar de abono relacións de facturas por importe total de **30.185,69 euros.**



11.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

11.1.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 770,00 € (IVE incluído) con destino á contratación dos servizos para a renovación da marca española denominada “*Castro Tecnolóxico*” e contratar con **GALLAECIA PATENTES Y MARCAS**, a realización do citado servizo.

11.2.- Acordouse aprobar as bases do XIIº Concurso de Cartas “*Dillo a quen maltrata*” 2015 e autorizar o gasto por importe de 273 € dos premios, aprobar as bases do IVº Concurso de Tuits contra a violencia de xénero 2015 e autorizar o gasto por importe de 139 € do premio e aprobar e autorizar o gasto por importe de 300 € para os materiais funxibles necesarios para a realización das actividades do IVº “*Violencia para previr a violencia de xénero*” 2015.

11.3.- Vacordouse aprobar as bases do proceso de selección, mediante concurso-oposición, para a contratación de dous/dúas titores/as de inserción laboral para o desenvolvemento do programa integrado para o emprego “*Emprende Lalín Xove*”.

11.4.- Acordouse a concesión de posto de venda ambulante e aprobación de alta e liquidación para 7 días do 2015 pola taxa por instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa ambulantes e rodaxe cinematográfica.


11.5.- Acordouse a concesión de subvencións para a realización de actividades deportivas para o ano 2015 segundo as bases aprobadas por Decreto da Alcaldía de data 22 de xuño de 2015 e con base na proposta de resolución do órgano instructor de data 4 de setembro de 2015 .

12.- CORRECCIÓN DE ERROS.

12.1.- Acordouse corrixir o erro padecido na sesión celebrada o día 31 de agosto de 2015, no punto 12.3.

13.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

13.1.- Dáse conta do escrito presentado polo **Arquitecto D. Luís Fernández**



Secretaría Xeral

Fernández, en relación co proxecto básico e de execución da rehabilitación da Casa Consistorial de Lalín para uso como Biblioteca Municipal e no que solicita a reanudación das obras que se estaban a desenvolver, en tanto xa foi aprobado dito proxecto modificado por parte do Concello de Lalín (órgano licitador) nos termos expostos na “Acta de Reanudación” que acompaña a este documento.

13.2.- Autorízouse o uso das instalacións do Pazo de Liñares o sábado día 19 de setembro de 2015 dende as 10:00 horas ás 13:00 horas.

13.3.- Acordouse denegara a instalación dunha barra no exterior dun Bar na rúa Rosalía de Castro, núm. 38, Lalín e solicita autorización municipal para as festas patronais, xa que non está garantido o tráfico peonil nas beirarrúas da dita rúa e considerando que a rúa afectada está saturada neses días.

13.4.- Acordouse a ocupación de 2 m² na rúa Luís González Taboada, núm. 47, Lalín, para colocar unha barra exterior nas festas de Lalín os días 18, 19, 20, 21 e 22 de setembro de 2015.

=====

L

K

M

O